# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 32016777 | IES Carlos Casares | Viana do Bolo | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Bacharelato | Lingua galega e literatura I | 1º Bac. | 3 | 105 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
| --- | --- |
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 6 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 10 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 29 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 30 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 31 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 31 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 33 |
| 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias | 34 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 34 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 35 |
| 7.2. Actividades complementarias | 36 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 37 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 38 |
| 9. Outros apartados | 39 |

## 1. Introdución

A presente programación didáctica da materia Lingua galega e literatura está destinada ao alumnado de 1º curso de bacharelato do IES Carlos Casares de Viana do Bolo (Ourense), e redactada para o curso 2023/2024.
O referido centro de ensino está situado na propia vila vianesa, localizada no oriente ourensán, e a el acode alumnado de concellos lindeiros como Vilariño de Conso, A Veiga e A Gudiña (especialmente no 1º e 2º cursos de bacharelato, dado que neses concellos non hai centros que impartan esta ensinanza), así como, xaora, estudantes doutras entidades de poboación pertencentes ao municipio de Viana do Bolo.
A situación xeográfica deste centro de ensino, nunha zona de alta montaña, fai que se poidan xerar problemas de asistencia e loxística nos meses de inverno, especialmente no que se refire ao funcionamento do transporte escolar, dadas as posibles condicións climatolóxicas adversas da zona. Isto pode afectar á temporalización estabelecida para a docencia da materia de Lingua galega e literatura, polo que, de producirse tal situación, cumprirá realizar modificacións no desenvolvemento desta programación.
Para o desenvolvemento da nosa materia resulta proveitoso a alta porcentaxe de alumnado galegofalante deste centro de ensino: a maior parte de alumnos/as emprega a lingua galega diariamente. O uso da lingua propia de Galicia constitúe, xa que logo, un privilexio en relación á situación da mesma lingua noutros centros educativos; con todo, o idioma dista de estar normalizado, e entre as e os falantes preséntanse prexuízos lingüísticos que cómpre atallar.
No primeiro curso de bacharelato a materia de Lingua galega e literatura continúa o trazado establecido na etapa anterior; aínda que presenta uns fins determinados de acordo aos obxectivos desta etapa. Por unha banda, preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral e escrita; pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.
Tendo en conta que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral, os contidos que se abordan en primeiro de bacharelato non son significativamente diferentes aos de cursos anteriores, senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados, mais coa singularidade de que no bacharelato o desenvolvemento das competencias do alumnado requirirá unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación (especialmente tendo en conta a proximidade das probas de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, para as que se preparan en ambos os dous cursos de bacharelato).
Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques. En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística. É de vital importancia que neste momento o alumnado repare na realidade lingüística de Galicia, así como no lugar que ocupa o noso idioma no contexto peninsular, co propósito de que desenvolva unha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática. O segundo bloque, «Comunicación», abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática. O terceiro bloque, «Educación literaria», procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural comprendido entre a Idade Media e a literatura ata o século XIX. E o cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.
Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua galega e literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da península ibérica, e particularmente da portuguesa (tal e como se veu facendo nos cursos da ESO).
A proposta didáctica que se presenta para primeiro de bacharelato está articulada arredor de nove unidades didácticas. Alén dos propios contidos que se traballarán ao longo de todo o ano académico 2023/2024, cómpre subliñar que se intentará que as obras de lectura obrigatoria propostas para cada trimestre correspondan a diferentes temáticas, autores e xéneros literarios, co fin de fomentar lecturas variadas entre o noso alumnado.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural. | 1-5 | 2-3 | | | | 1-2 | | 1 |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer. | 2 | 2 | 1 | 2-3 | 40 | 3 | | |
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais. | 1-3-5 | 2 | 1 | 2-3 | | 2 | | |
| OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento. | 2-3-5 | 2 | 4 | 1 | 40 | 3 | | |
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas. | 1-3-5 | | 1 | 2-3 | 50 | 2 | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas. | 3 | | | 1-2-3-4 | 40 | 2 | 3 | |
| OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura. | 1-4 | | | 3 | 11 | | | 2-31-32 |
| OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria. | 1-4 | | | | | 1 | | 1-2-31-32-42 |
| OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica. | 1-2 | 2 | 1-2 | | 50 | | | |
| OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe. | 1-5 | 3 | | 3 | 31 | 1-2-3 | | |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Linguas e comunicación. O galego como lingua románica | Realizarase unha avaliación inicial nas primeiras sesións, consonte o sinalado no apartado correspondente desta programación didáctica.<br><br>Nesta primeira UD abordarase a lingua como sistema comunicativo do ser humano e farase un repaso quer polos elementos que interveñen no acto de comunicación e as funcións da linguaxe, quer polo signo lingüístico e a dobre articulación da linguaxe.<br><br>Ademais, efectuarase unha panorámica polas variedades lingüísticas (diacrónicas, diatópicas, diastráticas e contextuais) e os rexistros da lingua (formal e coloquial).<br><br>Nunha segunda parte da UD farase un repaso pola orixe románica da nosa lingua (uns contidos que xa foron traballados no 3º curso da ESO): substrato e superestrato e nacemento das linguas romances, xunto coa evolución das palabras cultas, semicultas e populares. | 10 | 9 | X | | |
| 2 | Un mundo de linguas | A UD2 xira verbo da situación lingüística a nivel mundial, mais facendo fincapé na situación das linguas do Estado español.<br><br>Logo de investigar sobre o número de linguas do mundo e os parentescos existentes entre elas, traballaranse conceptos como o ecolingüismo; conflito e diglosia; linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas; e linguas oficiais, nacionais e internacionais.<br><br>Nunha segunda parte da UD focalizaremos a atención na diversidade lingüística estatal, o multilingüismo social e o plurilingüismo individual, xunto cun novo achegamento á lusofonía e á lingua portuguesa, temáticas sobre as que o alumnado xa traballou anteriormente.<br><br>Para acabar, aproveitarase para introducir o funcionamento de dous elementos esenciais na lingua, o substantivo e o adxectivo. No primeiro deles, alén de coñecer as regras de formación do plural e do feminino, tamén cumprirá distinguir | 10 | 10 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | Un mundo de linguas | substantivos con xénero diferente ao que presentan en castelán, dadas as moitas interferencias que se presentan. | 10 | 10 | X | | |
| 3 | Achegándonos á lingua e á literatura galego-portuguesa medieval | Na terceira unidade didáctica explorarase a situación sociolingüística da lingua galega no período medieval (desde o seu período de esplendor ata o proceso de minorización que o idioma experimentou no final dese período), como paso previo á introdución á literatura galego-portuguesa do medievo.<br><br>Após o acercamento á situación da lingua galego-portuguesa, faremos unha aproximación ás orixes da literatura galego-portuguesa medieval, repasando o seu nacemento a partir da poesía romance e as influencias que outras literaturas exerceron sobre a creada no noroeste da península ibérica. Xa que logo, tamén se fará unha panorámica sobre a cultura trobadoresca no continente europeo.<br><br>Neste achegamento distribuiranse cronoloxicamente as diferentes etapas na poesía galego-portuguesa medieval, alén de coñecer as figuras implicadas no proceso creativo e difusor desta poesía e os manuscritos principais onde se conservan estas obras de arte en verso. | 10 | 10 | X | | |
| 4 | A lírica profana medieval: cantigas de amigo e de amor | A cuarta unidade didáctica do curso será a última impartida no primeiro trimestre, aínda que esta temporalización pode ser flexible: segundo o tempo dispoñible, os contidos relativos ás dúas tipoloxías textuais que se asocian a esta UD (a descrición e o diálogo) quizais pasen a ser impartidos no segundo trimestre.<br><br>Tal e como se sinalou, a UD centrarase, principalmente, no desenvolvemento de parte da lírica profana: as cantigas de amigo e as cantigas de amor, todas elas de temática amorosa. Traballarase a súa orixe e o seu cultivo, non sen antes facer un amplo repaso polas principais características formais e temáticas destas cantigas, ampliando os coñecementos que o noso estudantado xa ten adquiridos.<br><br>Na segunda parte debullaranse as características de dous tipos de textos fundamentais (xunto coas súas diversas variantes): a descrición e o texto dialogal. | 10 | 11 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 4 | A lírica profana medieval: cantigas de amigo e de amor | | 10 | 11 | X | | |
| 5 | Máis gramática: os pronomes e os determinantes | Nos primeiros compases do segundo trimestre aproveitarase para repasar outras categorías gramaticais que o alumnado xa ten traballado en cursos precedentes, mais non por iso deixa de ser esencial continuar coñecendo como se deben usar axeitadamente no discurso.<br><br>Deste xeito, en primeiro lugar abordaranse os pronomes, en todas as súas variantes (pronomes persoais, relativos e interrogativos e exclamativos), e sen deixar de lado os usos especiais deste tipo de palabra (especialmente debemos centrarnos no dativo de solidariedade, o dativo de interese e os diferentes usos do pronome se).<br><br>Todo isto será posto en práctica a través de actividades diversas, para que o alumnado sexa quen de enriquecer o seu discurso (sobre todo no eido escrito) grazas ao correcto emprego pronominal, un aspecto que adoita causar dificultades en moitos/as estudantes.<br><br>Na segunda parte da UD farase algo similar cos determinantes, afondando en novas formas de uso desta categoría que a rapazada poida descoñecer. | 10 | 10 | | X | |
| 6 | A lírica profana medieval: cantigas de escarnio e maldicer. A lírica relixiosa e a prosa medieval | Para rematar cos contidos relativos á literatura medieval, xa iniciados no trimestre anterior, desta volta será a quenda, por unha banda, das cantigas de escarnio e maldizer e os xéneros menores, dos que se debagarán os seus trazos principais (a xeito do tratamento que se lles concedeu ás cantigas de amigo e de amor na UD4).<br><br>Por outra banda, algunhas das sesións asignadas a esta UD centraranse nas cantigas relixiosas, nomeadamente nas Cantigas de Santa María.<br><br>Poremos o broche á unidade didáctica 6 coa prosa medieval e as súas tipoloxías.<br><br>Todo isto será posto en práctica coa análise de diferentes textos pertencentes a estes xéneros. | 10 | 12 | | X | |
| 7 | Narramos, expoñemos e argumentamos. O verbo (I) | Esta UD7 afondará, por unha banda, nas tipoloxías textuais fundamentais que aínda | 10 | 11 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 7 | Narramos, expoñemos e argumentamos. O verbo (I) | non foran traballadas en 1º de bacharelato ata o momento: os textos narrativos, os textos expositivos e os textos argumentativos.<br><br>En esencia, a docencia irá dirixida a mellorar non só a comprensión destes tipos de textos por parte da rapazada, senón tamén a súa posta en práctica, especialmente no que se refire ás dúas últimas tipoloxías indicadas no parágrafo anterior, dado que son as menos traballadas habitualmente e, polo que respecta ao texto argumentativo, será moi imporante saber construílo axeitadamente de cara ao 2º curso de bacharelato e á ABAU.<br><br>A segunda parte da UD encamiñarase ao traballo cunha categoría gramatical fundamental na lingua: o verbo. Repasarase a súa estrutura xeral, as tipoloxías (verbos regulares e irregulares) e os modos e tempos verbais. Retomarase o traballo co verbo na UD 9, xa no terceiro trimestre. | 10 | 11 | | X | |
| 8 | A lingua e a literatura galegas nos Séculos Escuros | Avanzando cronoloxicamente no devir da lingua e a literatura galegas, chega a quenda dos Séculos Escuros, un período desafortunado sociolingüística e literariamente para a lingua propia de Galicia.<br><br>Analizaranse, por unha banda, os condicionantes que levaron a unha lingua de esplendor literario a esmorecer nese eido, e tamén os prexuízos lingüísticos que comezaron a xurdir nesa altura; por outra banda, estudarase o labor dos ilustrados nos que espertou a conciencia lingüística a prol do galego (frei Benito Xerónimo Feixóo, frei Martiño Sarmiento).<br><br>No segundo treito da UD8 traballaremos verbo da literatura oral e popular, esencial nesa etapa de escuridade literaria. Suxerirase a elaboración de traballos respecto ao cancioneiro popular conservado na contorna do noso alumnado. | 10 | 10 | | | X |
| 9 | O verbo (II). O Rexurdimento: os precursores e Rosalía de Castro | A UD9 xira arredor de dous eixes ben diferenciados.<br><br>O primeiro deles retoma o traballo iniciado no desenvolvemento da UD7, relativo ao verbo, desta volta centrado nas formas non | 10 | 11 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 9 | O verbo (II). O Rexurdimento: os precursores e Rosalía de Castro | persoais desta categoría gramatical e mais nas perífrases verbais. Todo isto, xaora, será levado á práctica.<br><br>No segundo eixe a ter en conta estudarase a obra quer dos precursores do Rexurdimento (Francisco Añón, Xoán Manuel Pintos etc.), quer da figura fundamental do movemento, Rosalía de Castro. Analizarase o seu legado non só desde o punto de vista literario, senón tamén en clave feminista, e facendo énfase na transcendencia ulterior da obra rosaliana. | 10 | 11 | | | X |
| 10 | O Rexurdimento: Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez. O comentario crítico de textos | Para finalizar o curso, poráselle o broche ao Rexurdimento literario galego do século XIX co repaso á obra dos outros dous puntais do movemento, Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez. Analizaranse as súas liñas temáticas principais, sen deixar de lado certas correntes polémicas destes dous autores (especialmente do primeiro deles).<br><br>Amais disto, nalgunhas sesións asignadas a esta UD daranse pautas para un axeitado comentario crítico de textos, mormente non literarios, pensando, neste caso, nas necesidades que terá o alumnado de cara ao 2º curso de bacharelato. | 10 | 11 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Linguas e comunicación. O galego como lingua románica | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | Recoñece prexuízos e usos discriminatorios da lingua nun texto relacionado coa función comunicativa das linguas. | PE | 85 |
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | É quen de identificar, como mínimo, o contido dun texto complexo avaliando a calidade da información transmitida polo mesmo. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Recoñece os elementos que interveñen no acto de comunicación e é quen de diferenciar a dobre articulación da linguaxe. | | |
| CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | É quen de identificar, como mínimo, o contido dun texto complexo avaliando a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | | |
| CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Identifica e argumenta os elementos que interveñen no acto de comunicación e as funcións da linguaxe presentes en oracións dadas, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | | |
| CA4.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital. | Desenvolve un pequeno traballo de investigación sobre as variedades lingüísticas e os rexistros. | TI | 15 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística.<br>- Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sostibilidade lingüística.<br>- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.<br>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.<br>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto.<br>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. |

| Contidos |
|---|
| - A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.<br>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Un mundo de linguas | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1.1. - Contrastar de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá). | Identifica, como mínimo, trazos distintivos das diferentes linguas presentes no Estado español, especialmente da lingua éuscara e da lingua catalá. | PE | 70 |
| CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos. | Recoñece, como mínimo, o sentido global e a intención comunicativa do emisor nun texto relacionado coa diversidade lingüística ou a lusofonía. | | |
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | É quen de identificar, como mínimo, o contido dun texto complexo avaliando a calidade da información transmitida polo mesmo. | | |
| CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | É quen de identificar, como mínimo, o contido dun texto complexo avaliando a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | | |
| CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información. | Recoñece as partes da noticia e desenvolve estratexias de verificación de noticias falsas, neste caso aplicadas a unha noticia falsa sobre os efectos da diversidade lingüística na sociedade. | | |
| CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual. | Elabora un traballo de investigación sobre a diversidade lingüística no Estado español ou sobre a importancia da lusofonía para Galicia, contrastando e corroborando a veracidade da información tratada. | TI | 30 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital. | Desenvolve un traballo de investigación sobre a realidade lingüística en Europa, empregando a terminoloxía lingüística adecuada e consultando fontes fidedignas, que recolle na bibliografía do traballo. | | |
| CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais | | Baleiro | 0 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica.<br>- Estudo comparativo das principais variedades dialectais do galego e do portugués (especialmente de Portugal e do Brasil).<br>- Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica (con especial atención ao éuscaro e ao catalán), contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais.<br>- Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística.<br>- Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación.<br>- Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sostibilidade lingüística.<br>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística<br>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.<br>- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calida-de e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e res-pectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. |

| **Contidos** |
|---|
| - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Achegándonos á lingua e á literatura galego-portuguesa medieval | 10 |

<table>
<tr><th>Criterios de avaliación</th><th>Mínimos de consecución</th><th>IA</th><th>%</th></tr>
<tr><td>CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais</td><td>Identifica as características da lingua galega da Idade Media, con especial atención aos trazos fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos principais.</td><td rowspan="3">PE</td><td rowspan="3">70</td></tr>
<tr><td>CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.</td><td>Mellora paulatinamente as súas producións textuais, enriquecéndoas estilística, ortográfica e gramaticalmente.</td></tr>
<tr><td>CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega ¿e tamén da lusófona¿ obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.</td><td>Recoñece os trazos principais da cultura trobadoresca europea e as etapas na evolución da poesía medieval galego-portuguesa. Expón esta información de forma ordenada e argumentada na proba escrita.</td></tr>
<tr><td>CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.</td><td>Expón perante o resto de alumnas e alumnos, de maneira planificada e fluída, información sobre os contidos traballados na UD relativos ao desenvolvemento da lingua galega na Idade Media.</td><td>TI</td><td>30</td></tr>
</table>

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual. | Elabora un traballo de investigación breve sobre o proceso de minorización da lingua galega nos últimos compases da Baixa Idade Media. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.<br>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega ¿e tamén do ámbito lusófono¿, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.<br>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.<br>- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias<br>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | A lírica profana medieval: cantigas de amigo e de amor | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos. | Recoñece, como mínimo, o sentido global e a estrutura formal nunha cantiga de amigo ou de amor. | PE | 70 |
| CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta. | Expón, de maneira académica, os trazos fundamentais das cantigas de amigo e amor, con adecuación, coherencia e cohesión, en base ás explicacións facilitadas na aula e nos resumos ofrecidos polo/a docente. | | |
| CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Identifica, como mínimo, os trazos esenciais dunha cantiga de amigo ou de amor, sabendo discernir a voz poética do autor, e recoñecendo nos textos os trazos formais esenciais traballados na unidade didáctica. | | |
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Coñece as características lingüísticas mínimas do texto dialogal e do texto descritivo e exponas empregando unha linguaxe técnica. | | |
| CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social. | Recoñece os trazos mínimos do texto dialogal e aplícaos nunha situación prototípica dada polo/a docente na aula. | TI | 30 |
| CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | Domina, en interaccións orais, as estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística básicas, especialmente aplicadas nesta UD aos textos descritivos ou dialogais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica (con especial atención ao éuscaro e ao catalán), contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.<br>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e os medios de comunicación.<br>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística<br>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto. |

| Contidos |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.<br>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.<br>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.<br>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto.<br>- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.<br>- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calida-de e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e res-pectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. |

| Contidos |
|---|
| - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.<br>- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega ¿e tamén do ámbito lusófono¿, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.<br>- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.<br>- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.<br>- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario.<br>- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras.<br>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.<br>- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias<br>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.<br>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.<br>- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

As últimas leis en materia de educación están baseadas en modelos construtivos, onde o/a estudante constrúe e participa das aprendizaxes, dun xeito sistémico, e tendo en conta o ámbito familiar e social. Poténciase ademais unha metodoloxía activa, participativa e dinámica, combinando procesos indutivos e dedutivos, partindo así de principios fundamentais como a funcionalidade, a interactividade, aprender a aprender (para lograr unha certa autonomía), mediación, flexibilidade ou individualización (tomando medidas especiais como a atención á diversidade, que se pon de manifesto con agrupamentos específicos, a elaboración de adaptacións curriculares significativas etc.). Así, as técnicas ou estratexias metodolóxicas han de ser motivadoras e interactivas.
Tendo en conta o dito anteriormente, e entendendo a actividade como forma de realizar experiencias de aprendizaxe, podemos considerar esta clasificación dependendo da finalidade que busquemos, e sempre atendendo ás carencias coas que se pode atopar o/a alumno/a. Así, ao longo do curso haberá:
- Actividades de introdución-motivación (seguindo aquí propostas como as do pedagogo Miguel Vázquez Freire), para introducir os e as estudantes no tema a tratar.
- Actividades de coñecementos previos, para coñecer a priori o grao de coñecemento do alumnado sobre ese tema, posibles carencias que se poidan presentar etc.
- Actividades de desenvolvemento e consolidación, para ir comprobando o nivel de asimilación e progresión do alumnado verbo dos contidos explicados.
- Actividades de reforzo, para quen non adquiriron suficientemente os coñecementos traballados.
- Actividades de ampliación, destinadas ao estudantado que realizara satisfactoriamente e con rapidez as actividades propostas.

Estas tres últimas serían específicas para a atención á diversidade, xa que poñen de manifesto os distintos ritmos cos que nos imos atopar nunha clase tendo como referencia as anteriores.

Xa que logo, semella preferible aprender poucos conceptos e facelo de xeito rigoroso e non moitos de maneira superficial, como sucede coa aprendizaxe memorística significativa.
A área de Lingua galega e literatura é unha materia das denominadas instrumentais, polo que no traballo de aula o/a docente manexa dous obxectivos fundamentais: a consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos do currículo e o desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe dos/das alumnos/as noutras áreas.Neste proceso é necesario o adestramento individual e o traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación, que son, obviamente, exportables a outras áreas e contextos de aprendizaxes.
Sempre deberemos observar o/a alumno/a na súa capacidade de desenvolvemento no grupo, evitando actitudes de segregación e favorecendo o traballo colaborativo, mais, segundo as circunstancias particulares de cada estudante, tamén poderá primar o traballo individualizado.
A maioría das actividades están pensadas para a mellora das catro habilidades básicas (ler, escribir, falar e escoitar). Xa que logo, o hábito da lectura será un eixe fundamental na nosa materia, intentando que os textos seleccionados contribúan a espertar o interese e o gusto pola lectura no alumnado.
Esta programación sempre será flexible, e poderá estar suxeita a modificacións en función do ritmo que siga o grupo e da redución no número de sesión consideradas inicialmente debido á realización de actividades dentro ou fóra do centro así como as ausencias do alumnado debido a factores climatolóxicos.
Cómpre sinalar tamén que, tal e como determina a lexislación vixente, o Departamento de Lingua galega e literatura sempre traballará coordinado co de Lingua castelá e literatura, poñendo especial énfase na nomenclatura da morfoloxía (que moitas veces pode dar lugar a malentendidos por parte do alumnado) ou na distribución dos contidos, que aparecen repetidos nalgunhas ocasións, polo que se deberán tomar decisións interdepartamentais en conxunto. Neste sentido, para o 1º curso de bacharelato acordouse co citado departamento de Lingua castelá e literatura incidir, desde a nosa materia, nas tipoloxías textuais, mentres que os aspectos de sintaxe, malia tamén poderen ser tocados desde a nosa materia, serán esencialmente traballados en Lingua castelá e literatura.
Alén do traballo coordinado co anterior departamento, tamén se fomentará o traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, nomeadamente co Equipo de Dinamización da Lingua Galega, a biblioteca escolar e o Departamento de Orientación.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Dicionario da Real Academia Galega (https://academia.gal/dicionario). |
| Fernández Rei, Francisco (2003). Dialectoloxía da lingua galega. Vigo: Xerais de Galicia. |
| Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1998-2003). Gramática da Lingua Galega (Volumes I-II-III e IV,) A Nosa Terra. |
| González Avión, Isabel e Ínsua López, Emilio Xosé (2016). Lingua galega e literatura. A Coruña: Baía Edicións |
| Pena, Xosé Ramón (2013). Historia da Literatura Galega I. Das orixes a 1853. Vigo: Xerais. |
| Pena, Xosé Ramón (2014). Historia da Literatura Galega II. De 1853 a 1916. O Rexurdimento. Vigo: Xerais. |

No que se refire aos materiais e recursos didácticos, os fundamentais que empregaremos directamente co alumnado son os indicados nos apartados superiores. Xaora, estes sempre han ser variados, flexibles, motivadores e adaptados ao nivel do alumnado.
- Neste curso traballarase co libro de texto editado por Baía Edicións e elaborado por Isabel González Avión e Emilio Xosé Ínsua López. Será a base sobre a que o profesorado impartirá os contidos que o alumnado debe asimilar, mais non se empregará en exclusiva: o/a docente poderá optar por apoiarse nesta obra para as explicacións perante o estudantado ou tamén noutros recursos que estime oportunos, segundo os casos.
- Incluímos aquí outros recursos electrónicos que se empregan día a día na aula, como a pantalla dixital ou o canón.
- Amais, remitirase ao noso estudantado á biblioteca escolar (para aproveitar este recurso educativo, fundamental no

funcionamento do centro) e á consulta de páxinas web sobre a materia de Lingua galega e literatura, con exercicios e propostas para buscar e seleccionar información (ditas páxinas iranse fornecendo ao longo do ano académico, segundo sexa necesario ou pertinente). Tamén se fomentará a consulta de dicionarios en liña e xornais dixitais.
- Se for posible, potenciarase o encontro con escritores/as para falar sobre aquelas obras literarias que o alumnado lea durante o presente curso académico.
Tamén se debe contemplar, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dunha equipación adecuada para todo o alumnado, mesmo para aquel que teña dificultades de accesibilidade ás súas instalacións. Se se precisa algún outro material complementario adaptado a este tipo de alumnado, será solicitado á Consellería a través dos informes correspondentes.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou do alumno no XADE (alén doutros datos que poidan ser fornecidos polo resto de docentes do curso, que xa coñecen a parte do alumnado de cursos anteriores), unha ferramenta esencial para que o profesorado poida determinar o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.
Amais diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).Esta avaliación inicial terá especial relevancia naqueles casos en que o/a estudante se incorpore ao IES Carlos Casares de Viana do Bolo procedente doutros centros educativos (tal e como se sinalou na introdución desta programación didáctica, os centros de ensino secundario de concellos veciños non ofertan ensinanzas de bacharelato).
Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.
Esta proba, que poderá partir dun texto literario, xornalístico etc. constará das seguintes partes:
- Comprensión escrita. O alumnado deberá contestar a preguntas pechadas sobre o contido dun texto escrito.
- Produción escrita. O alumnado realizará unha pequena composición escrita sobre o contido e/ou temática do texto proposto, ou sobre outro aspecto que o docente propoña, segundo os casos.
Á parte disto, a proba incluirá diversas cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua, sociolingüística e literatura referidas ao aprendido no curso anterior.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| **Unidade didáctica** | **UD 1** | **UD 2** | **UD 3** | **UD 4** | **UD 5** | **UD 6** | **UD 7** | **UD 8** | **UD 9** | **UD 10** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** |
| **Proba escrita** | 85 | 70 | 70 | 70 | 70 | 85 | 70 | 70 | 70 | 70 |
| **Táboa de indicadores** | 15 | 30 | 30 | 30 | 30 | 15 | 30 | 30 | 30 | 30 |

| **Unidade didáctica** | **Total** |
|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **100** |
| **Proba escrita** | **73** |

| Unidade didáctica | Total |
|---|---|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 100 |
| Táboa de indicadores | 27 |

**Criterios de cualificación:**

O Departamento de Lingua galega e literatura do IES Carlos Casares de Viana do Bolo establece que a cualificación final desta materia basearase na media aritmética resultante das tres avaliacións. As notas medias inferiores a 5 ao final da avaliación suporán un suspenso.
Para recuperar as avaliacións suspensas (con notas inferiores a 5) farase unha proba escrita ao inicio do seguinte trimestre. Se a avaliación suspensa é a terceira, realizarase unha recuperación desa avaliación antes da proba de avaliación extraordinaria de xuño.O alumnado que teña dúas ou máis avaliacións suspensas deberá examinarse sobre a totalidade da materia na proba final de xuño. Poderase superar a materia con avaliacións suspensas sempre e cando a media dos tres trimestres sexa igual ou superior a cinco (5).
A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas abranguidas nel, aplicando a ponderación de nota correspondente entre elas.
O profesorado, mediante a observación e análise do traballo do alumnado, recollerá a información detallada en fichas individuais.
Os/as estudantes serán informados/as desde o principio de curso de como van ser avaliados/as na materia.

A distribución da puntuación final trimestral levarase a cabo do seguinte xeito:
1. Representarán o 70% da nota final:
- As probas obxectivas de carácter escrito e oral -relacionadas en xeral cos contidos do curso, e, en concreto, cos contidos das unidades-. Haberá como mínimo unha por avaliación. Nestas, valorarase a destreza do alumnado no uso escrito da linguaxe, así como a asimilación dos contidos correspondentes.

2. Representarán o 10% da nota final:
a) Actividades e exercicios que se vaian realizando ao longo do trimestre, xa sexan do libro ou xa sexan actividades interactivas ou escritas (que versen sobre morfoloxía, ortografía, comprensión de textos, aspectos literarios, léxico...). O/a docente poderá revisar os cadernos do alumnado en calquera momento, para comprobar que se están a realizar as tarefas asignadas.
b) Traballos escritos á man ou en soporte multimedia, que consistirán en redaccións, traballos de investigación, monográficos, fichas...
c) Realización de esquemas, resumos...
d) Valorarase sempre positivamente a participación durante desenvolvemento das sesións, así como a puntualidade na entrega de traballos e exercicios.

3. Representará o 10% da nota final:
O uso oral da lingua galega, que o profesorado da materia terá en conta diariamente na aula, e que tamén poderá ser obxecto de valoración a través de probas de carácter oral (por exemplo, mediante unha exposición do/da estudante perante o resto de compañeiros/as).

4. Representará o 10% da nota final:
Proba de lectura, escrita ou oral, que versará sobre un libro de lectura obrigatoria en cada trimestre, e que non será eliminatoria para aprobar a materia.

Na convocatoria extraordinaria de xuño o alumnado terá que examinarse de todos os contidos estudados ao longo do curso académico, agás sobre as lecturas obrigatorias que se propuxeran, polo que a proba terá un valor na cualificación do 100%.
Para o que se refire aos criterios de cualificación cómpre resaltar neste mesmo apartado os criterios de corrección, pois desde o Departamento de Lingua galega e literatura concédeselle unha grande importancia ao respecto das regras ortográficas e gramáticas na escrita (e, xaora, tamén na oralidade). Por todo isto, determináronse as seguintes pautas á hora de corrixir as desviacións ortográficas e gramaticais:

Sobre a puntuación global do exame poderanse descontar ata un máximo de 2 puntos. Distinguirase entre:
- Faltas leves (por exemplo, acento non diacrítico). Penalizaranse con 0,05 puntos.
- Faltas graves (acento diacrítico, b/v, h, y...). Penalizaranse con 0,10 puntos.
- Faltas moi graves. Penalizaranse con 0,2 puntos:
- O emprego de tempos compostos.
- O non mantemento da alternancia vocálica nos verbos.
- O uso incorrecto do infinitivo conxugado.
- A confusión de te e che.
- A confusión de lle e lles.
- A colocación incorrecta dos pronomes átonos.
- O uso incorrecto do posesivo sen artigo.
- O emprego do relativo quen en plural.
- O emprego de plural en -os nos demostrativos.
- A non contracción dalgunhas preposicións con certos pronomes.
- O uso de algún posposto con valor negativo.
- A formación incorrecta do plural dos substantivos rematados en -l.
- A asignación incorrecta do xénero nalgúns substantivos.
- O uso incorrecto da preposición a co complemento directo.
- Castelanismos léxicos ou gramaticais.
- Por unha mala presentación dos traballos, probas escritas etc. poderase descontar ata un total de 0,50 puntos.

**Criterios de recuperación:**

Aqueles/as estudantes que non teñan superado o curso deberán realizar unha proba extraordinaria durante o mes de xuño sobre a totalidade desta materia. Amais, os/as alumnos/as que teñan as tres avaliacións aprobadas poderán subir ata 1 punto a nota media da avaliación ordinaria, dependendo do seu nivel de desempeño nas actividades propostas para este período. Con aquel alumnado que teña a materia suspensa reforzaranse os contidos traballados ao longo de todo o curso, de cara á súa preparación para a proba extraordinaria.
Tal e como se indicou no apartado de criterios de cualificación, para recuperar as avaliacións suspensas (con notas inferiores a 5) farase unha proba escrita ao inicio do seguinte trimestre. Se a avaliación suspensa é a terceira, realizarase unha recuperación desa avaliación antes da proba de avaliación extraordinaria de xuño (celebraríase nos últimos días antes da terceira avaliación ou, se non fose posible, no período de sesións dedicadas a reforzo e ampliación dese mesmo mes de xuño). O alumnado que teña dúas ou máis avaliacións suspensas deberá examinarse sobre a totalidade da materia na proba final de xuño. Poderase superar a materia cunha avaliación suspensa sempre e cando a media dos tres trimestres sexa igual ou superior a cinco (5).

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No actual curso 2023/2024 este procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes non aplica para o alumnado matriculado en Lingua galega e literatura de 1º de bacharelato no IES Carlos Casares de Viana do Bolo, debido a que todos/as os/as estudantes teñen superada a materia e non hai ningún/ningunha que estea a repetir curso. Non obstante, detállase nos seguintes parágrafos o procedemento que se seguiría no caso de haber algún/algunha alumno/a coa materia de Lingua galega e literatura pendente en 1º de bacharelato.
Segundo o artigo 13.5. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia: «Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres sesións poderá coincidir coa avaliación final do período ordinario. Haberá, así mesmo, unha sesión de avaliación logo da realización das probas extraordinarias. As avaliacións finais ordinaria e extraordinaria realizaranse nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso».

O plan que adaptamos para a súa aplicación no IES Carlos Casares de Viana do Bolo consta fundamentalmente dos seguintes puntos:
a) Identificación da alumna ou do alumno.
b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar. A alumna ou alumno e os seus familiares ou titores legais serán informados polo/a docente da materia dos contidos do plan de reforzo e, máis concretamente, dos requisitos necesarios para superar a materia pendente.
c) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento. As estratexias serán distintas ás empregadas

habitualmente na aula co resto do alumnado, xa que a falta de presencialidade na aula obriga a establecer uns mecanismos de seguimento máis ríxidos para que o/a estudante non esqueza dedicarse tamén a esa materia pendente.
d) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento. Os recursos materiais son: computador portátil, libros de consulta e dicionarios dixitais ou en papel.
e) Tarefas para realizar, coa debida temporalización. Para superar a materia pendente o alumnado deberá realizar as actividades que lle sexan propostas, e que deberá entregar ao/á profesor/a responsable do seu seguimento, para que lle poidan ser corrixidas.
f) Seguimento e avaliación. Ao longo do curso académico farase un seguimento de cada estudante coa materia pendente a través da elaboración dun boletín de actividades que se lle facilitará. Tamén se atenderá, de ser necesario, a través de medios telemáticos (Aula virtual, correo electrónico etc.).
En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estea escolarizado o alumno ou a alumna, o/a docente da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, o/a estudante deberá obter unha avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.
Para a avaliación do alumnado que ten materias pendentes débense ter en conta os contidos impartidos na materia no curso anterior. Polo tanto, o plan de reforzo de materias pendentes deberá elaborarse considerando esas aprendizaxes e competencias non adquiridas.
O Departamento de Lingua galega e literatura do IES Carlos Casares de Viana do Bolo establece que para que o/a estudante coa materia pendente demostre que adquiriu os mínimos de consecución e as aprendizaxes imprescindibles para superar a materia deberá entregar realizado, no mes de marzo do curso actual, o boletín de exercicios que o/a docente responsable do seu seguimento lle terá facilitado antes da celebración da primeira avaliación.
A correcta realización destas actividades poderán eximir ao/á alumno/a de realizar a proba escrita ordinaria (que, de ter lugar, será no mes de maio do curso actual). De non ser así, o/a estudante terá que realizar esa proba escrita ordinaria do mes de maio, e no caso de non superala terá dereito a unha proba escrita extraordinaria.
Xaora, durante todo este proceso a familia do/da estudante será informada puntualmente do plan que se seguirá co/coa estudante.

## 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Este apartado non procede neste curso.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e o bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.
Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as Administracións educativas asegurarán «os recursos necesarios para que os alumnos e as alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado».
Entre o alumnado de 1º de bacharelato do IES Carlos Casares non temos constancia de que haxa estudantes que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, pois non se detectaron esas necesidades na avaliación inicial da materia de Lingua galega e literatura nin desde o Departamento de Orientación se transmitiu ningunha información ao respecto.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual. | | X | | X | | | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial. | | X | | | | | X | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico. | X | X | | | | | | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores. | X | X | | | | X | | X |
| ET.8 - Creatividade. | | | | X | | | X | X |
| ET.9 - Igualdade de xénero. | | X | X | | | | | |
| ET.10 - P.revención e resolución pacífica de conflitos. | | | | X | | | X | |
| ET.11 - Pluralidade (lingüística). | X | X | | | | | X | |

| | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora. | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita. | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual. | X | |
| ET.4 - Competencia dixital. | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial. | | |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico. | | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores. | X | X |
| ET.8 - Creatividade. | | X |
| ET.9 - Igualdade de xénero. | X | X |

| | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|
| ET.10 - P.revención e resolución pacífica de conflitos. | | |
| ET.11 - Pluralidade (lingüística). | | |

**Observacións:**

O Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia determina no seu Artigo 19 que en todas as materias (e, polo tanto, tamén en Lingua galega e literatura de 1º de bacharelato) han de traballarse os seguintes elementos transversais:
- A comprensión lectora
- A expresión oral e escrita
- A comunicación audiovisual
- A competencia dixital
- O emprendemento social e empresarial
- O fomento do espírito crítico e científico
- A educación emocional e en valores
- A igualdade de xénero
- A creatividade

Amais dos elementos transversais indicados anteriormente, segundo o artigo 19.2, «promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social [...] e a pluralidade». Por último, atendendo ao artigo 19.3. desa mesma norma, «evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero».

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Visita á casa dos poetas en Celanova | Visita guiada á casa dos poetas en Celanova para achegarse ás figuras de Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro. | | X | |

**Observacións:**

No que respecta ás actividades complementarias en relación coa materia de Lingua galega e literatura, no momento de redactar esta programación didáctica unicamente está plantexada unha actividade para o alumnado de 1º de bacharelato. Con total certeza ampliaranse as actividades ao longo do curso debido as sinerxias que vaian xurdindo cos demais departamentos, así como as oportunidades que vaian xurdindo ao longo do curso. É importante ter en conta que debido ao illamento xeográfico e ao reducido tamaño dos grupos do noso centro, as actividades que impliquen desprazamentos deberán agrupar a varios niveis e mesmo a distintos departamentos para facelos economicamente viables.
Por suposto, as actividades do ano académico 2023/2024 xorden actividades complementarias que impliquen a saída do centro por parte do alumnado este ha contar co permiso explícito escrito da súa familia. Procurarase que a realización deste tipo de actividades sexa accesible a todo o estudantado, independentemente da súa situación económica, familiar ou de calquera outra forma de dificultade.
De realizárense este tipo de actividades seguiranse en todo momento as directrices do Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares do centro.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| 13. Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias. |
| 16. Conseguíronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización. |
| 17. Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e mínimos de consecución. |
| Metodoloxía empregada |
| 1. Realizouse a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel das e dos estudantes. |
| 2. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación estabelecidos. |
| 4. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica. |
| 7. As explicacións foron claras e amenas, e as exemplificacións, sinxelas e comprensibles. |
| 8. Revisáronse, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela. |
| 12. O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías. |
| 15. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas. |
| 18. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados. |
| Medidas de atención á diversidade |
| 3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes. |
| 5. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas. |
| Clima de traballo na aula |
| 6. Propiciouse un ambiente motivador na aula. |
| 9. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| 14. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, a Biblioteca, Club de Ciencia, etc.). |
| Outros |
| 10. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co/coa docente e cos/coas compañeiros/as. |
| 11. As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido e entregadas ao alumnado para analizalas e comentalas na clase. |

**Descrición:**

Tal e como indica a normativa vixente, para avaliar a práctica docente o profesorado valerase dunha serie de cuestionarios que se lle pasarán ao alumnado para seren cubertos de xeito anónimo. Neles valorarán unha listaxe de indicadores (exposta arriba) que facilitarán a consecución das melloras oportunas por parte do profesorado.Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10.Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do estabelecido na programación didáctica. Todos estes datos serán tidos en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Os membros do departamento reuniranse periodicamente para avaliar o desenvolvemento da presente programación. A dita xuntanza servirá para corrixir aquilo que non estea dando os resultados esperables ou para analizar unha posible baixada/modificación no ritmo de presentación dos contidos, polas diferentes dificultades que se poidan ir atopando.Todo o exposto serve para deixar claro que a programación ten que ofrecer a suficiente flexibilidade para se adaptar ás continxencias e diversidades que se detecten na aula ao longo do curso.
A respecto disto último, e dada a evolución positiva (á hora de redactar a presente programación) da pandemia de coronavirus que estivemos a sufrir, non se prevé que durante o presente curso académico sexa necesario recorrer a outros escenarios educativos para poder continuar coas actividades de ensino e aprendizaxe nun hipotético ensino a distancia. Aínda así, desde o departamento de Lingua galega e literatura contémplanse varias posibilidades de cara á avaliación do alumnado do centro, de ser preciso un ensino semipresencial ou completamente telemático.
No caso de que o ensino fose semipresencial, aproveitaríanse os períodos de asistencia á clase para explicar os temas, aclarar as posibles dúbidas e corrixir as actividades realizadas desde a casa. Tamén se aproveitará para ir realizando as probas correspondentes da materia. Deste xeito, a ponderación sería igual ca nas clases presenciais.
De repetirse a situación de confinamento, a opción sería telemática. Nesta circunstancia poderiamos estar en contacto co alumnado por distintos medios dixitais como a videoconferencia, para explicar e avanzar materia, mentres que para a realización de exercicios e traballos, exposición de certos temas etc. botaríase man dos recursos ofrecidos a través da Aula virtual do IES Carlos Casares, que serían cualificados polos docentes posteriormente. Alén disto, para a realización de exames ou probas o/a profesor/a compartiríaos por medio do correo electrónico, dándolles un tempo limitado para a súa resolución, e aproveitando a conexión a unha plataforma educativa tipo Webex coa finalidade de observar o/a alumno/a durante o proceso.
Como mínimo habería unha proba por trimestre, e manteriamos as porcentaxes citadas anteriormente. Nesta situación as recuperacións sempre se levarían a cabo por medio de boletíns de actividades enviados aos/ás alumnos/as, os cales serían corrixidos a posteriori polo/a docente.
Para levar a cabo a análise e comprobación da adecuada aplicación desta programación didáctica, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5:
1. Conseguise acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os protocolos de actuación correspondentes).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: Plan lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5 .
12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.
13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na acta da última reunión do departamento recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos incluiranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso.

**9. Outros apartados**